

## O PSdeG de Guntín propondrá dirixirse a Fomento para arranxar o "caos" polas obras paradas da A-54

**Os socialistas levarán ademais ao pleno deste venres mocións polo deterioro das vías de comunicación do concello, o mal estado da auga da traída municipal e a esixencia que recolle o PSdeG en toda a provincia de dotar o HULA de unidades de Hemodinámica, Radioterapia e Medicina Nuclear**

O PSdeG-PSOE de Guntín levará ao pleno deste venres varias mocións que recollen as queixas veciñais polos problemas de servizos e infraestruturas do concello. Así, os socialistas propondrán no pleno dirixirse ao Ministerio de Fomento e a Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia para "acelerar os prazos de execución da autovía A-54 (Lugo-Santiago), e restablecer para o seu uso as vías e accesos" que están cortados polas obras de dito vial, vendo as partidas orzamentarias e os prazos de execución feitos públicos por Fomento, que sitúa no ano 2017-2018 a súa finalización. O PSdeG lamenta o "caos" causado no concello, xa que no tramo Guntín-Monte de Meda "levan parados e sen traballar moito tempo", con "reiteradas queixas" porque hai pistas municipais, camiños veciñais, vías de acceso a núcleos de poboación e propiedades cortadas, e outras non transitables "provocando grandes rodeos e incordios aos veciños".

Por outra banda, o grupo municipal socialista percorreu as vías de comunicación do concello para comprobar "in situ" o seu deterioro despois de recibir reiteradas queixas dos veciños. Debido a esta situación, "e en vista de que co inverno se deteriorarán aínda máis", presentarán unha moción para o arranxo das que se atopan en peor estado con tratamento bituminoso en quente e limpeza das cunetas. "Sen prexuízo de que poidan ser incluídas outras", os socialistas alertan sobre a situación do acceso a San Cibrao-Gomelle ata o límite do Concello de Lugo, os accesos a Bustelo e Constante e nos núcleos desas parroquias, a carretera de Francos a Navallos, "con grave deterioro dende hai moito", os accesos a Lamela, Zolle-Fontao e Vigo de Zolle.

### **Mal estado da auga**

O PSdeG levará asimismo ao pleno as queixas recibidas por veciños e industriais do concello no que se refire ao mal estado da auga da traída municipal, "con olores e coloración escura e que a fai inservible para o consumo e outros usos domésticos". Por tanto, esixen "o arranxo da traída, cunha nova captación, estación de tratamento e depósito de distribución"

### **HULA**

Os socialistas de Guntín súmanse ás múltiples iniciativas do partido na provincia e levan ao pleno unha moción para esixir as unidades de Hemodinámica, Radioterapia e Medicina Nuclear no HULA. Piden dirixirse ao presidente da Xunta e a conselleira de Sanidade para que "cumpran co que prometeron na inauguración, e co que se recolle nun acordo unánime do Parlamento na anterior lexislatura" para evitar "demoras en tratamentos e diagnoses" e a "discriminación" dos e das lucenses con respecto ao resto de provincias de Galicia.

---

# Nota de prensa



**Saúdos,**  
**Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo**

**[psoeprovinciallugo@gmail.com](mailto:psoeprovinciallugo@gmail.com)**

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia  
**LUGO**

---